

Deseño de materiais e actividades para Moodle: eXeLearning



TEMA 6

Integración de paquetes de contidos en Moodle

Duración do curso: 30 horas

Índice

| | |
|--|---|
| Introdución..... | 3 |
| Obxectivos..... | 3 |
| Entidades creadoras de estándares..... | 3 |
| IMS..... | 4 |
| IMS CP..... | 4 |
| ADL..... | 5 |
| SCORM..... | 5 |
| A ter en conta..... | 6 |
| IMS e SCORM..... | 6 |
| Importante!..... | 7 |
| IMS: integración en Moodle..... | 7 |
| SCORM: integración en Moodle..... | 8 |

Introdución

Debemos ter en conta que existen **elementos** que son susceptibles de ser **estandarizados**: por exemplo a **secuencia** coa que se mostran os recursos, como os podemos **catalogar**, ou como podemos **empaquetar** os ficheiros para posteriormente poder distribuílos.

Nesta unidade veremos as organización que se encargan de definir estes estándares, así como cales son os estándares máis utilizados para diferentes tarefas. Veremos como poder **integrar ficheiros de diferentes estándares en Moodle** e o papel que xogan os **repositorios de recursos didácticos dixitais**.

Obxectivos

Ao rematar este tema seremos capaces de:

- Coñecer as carácter dos **estándares educativos** máis utilizados: **IMS** e **SCORM**.
- Aprender a integrar eses formatos en Moodle.

Entidades creadoras de estándares

Como xa vimos nos primeiros temas, dentro do ámbito educativo atopámonos con diferentes entidades creadoras de estándares como poden ser:

- [IMS](#)
- [ADL](#)
- [AENOR](#)

A continuación repasamos os estándares máis habituais e a súa integración en Moodle.

IMS

IMS é unha organización adicada ao **desenvolvemento e difusión de tecnoloxías** que permitan un proceso de ensinanza-aprendizaxe de calidade. Tanto no deseño como na adopción dos estándares IMS atopamos organizacións como:

- Desenvolvedores de software, como Microsoft e Oracle
- Universidades
- Editoriais
- Ministerios de educación.




Pero IMS é coñecido, sobre todo, pola **creación de estándares educativos**, que reciben o mesmo nome da entidade: [IMS](#).

IMS CP

IMS CP un dos estándares máis sinxelos e que permite **agregar e desagregar contidos**: podemos agregar varios paquetes IMS CP para formar un recurso máis complexo, tamén podemos desagregar un paquete complexo en varios máis sinxelos.

eXeLearning permite a **exportación directa** neste formato, coa opción de **Exportar > Paquete de contido IMS**. Este paquete **IMS** é recoñecido directamente pola maioría de **LMS**.



ADL

ADL é unha iniciativa creada para implementar e desenvolver ferramentas de aprendizaxe, tamén é a creadora do estándar de e-learning internacional chamado **SCORM** e que veremos de forma mais detallada no seguinte apartado.




SCORM

Unha das principais características do SCORM é que **permite crear contidos pedagóxicos estruturados e que podemos importar en diferentes sistemas de xestión da aprendizaxe** sempre e cando soporten este estándar.

Unha das diferencias de SCORM con respecto a outros estándares é que **permite elaborar actividades que sexan avaliábeis**. É dicir, normalmente os contidos presentan a información e actividades que non son avaliábeis.

Pola contra, SCORM permite realizar actividades que teñan a capacidade de **recoller o grao de realización da actividade** en concreto e son capaces de comunicar a un LMS se a actividade se realizou de forma correcta ou non.

Polo que respecta ao **eXeLearning**, é capaz de **exportar directamente** os seus contidos en paquetes SCORM mediante a opción de **Ficheiro > Exportar > SCORM 1.2**



A ter en conta...

SCORM é probablemente o **estándar máis popular na actualidade** e diferenciándose claramente de outros estándares.

IMS e SCORM

Moodle é unha **plataforma web** que pertencente ao grupo **LMS** (Sistema de Xestión da Aprendizaxe). Neste apartado veremos como podemos publicar contidos realizados con eXelearning en Moodle.

Moodle diferencia entre dous tipos de recursos:

1. Os que serven unicamente para **mostrar información** ao alumnado.
2. As **actividades interactivas** nas que o profesorado **pode puntuar ou ver a puntuación obtida polo alumnado** no desenvolvemento da actividade. Esta puntuación obtida forma parte da puntuación do curso.

IMS pertence ao primeiro caso. É dicir, ao inserir un paquete IMS, o alumando **pode ver o recurso creado no eXeLearning** e poderá realizar as actividades, pero o profesorado **non terá unha retroalimentación** do que fixo o alumnado.

SCORM está dentro do segundo grupo de actividades interactivas. É dicir, se exportamos un paquete SCORM e o subimos ao Moodle, o alumnado pode ver os mesmos contidos, pero de forma distinta e ademais ese paquete SCORM será unha **actividade avaliable** polo Moodle.

Con esta explicación queremos dicir que **Moodle asignará unha puntuación ao alumnado**, que aparecerá rexistrada nos informes de cualificacións xerados pola plataforma.

Neste informes o profesorado pode ver:

- As seccións do curso que visitou o alumnado
- Os exames tipo test que o alumando realizou correctamente.



Importante!

Moodle **unicamente avalía os test SCORM**. Non se avalían o resto de actividades.

IMS: integración en Moodle

Subir un IMS a Moodle é un proceso sinxelo, en primeiro lugar abrimos o eXe, abriremos o noso recurso e o exportaremos como **Paquete de contido IMS**. A continuación gardaremos o ficheiro co nome que desexemos, por defecto **gárdao con extensión Zip**.

Unha vez gardado este ficheiro o seguinte paso será subilo a Moodle. Para

iso, entraremos no noso curso e prememos no botón de **Activar edición**.

Activar edición

SCORM: integración en Moodle

Para integrar un SCORM en Moodle o proceso é moi similar ao dun IMS. Para facelo primeiro exportaremos o contido a SCORM 1.2 indo ao menú **Ficheiro > Exportar > SCORM 1.2**.

Posteriormente na plataforma importaremos o contido creando un recurso novo ou actividade SCORM e seleccionamos o tipo a engadir:

 Paquete SCORM

E agora introduciríamos os datos do paquete SCORM na plataforma:

Engadindo un novo Paquete SCORM

Expandir todo

Xeral

Nome*

Descrición*

Presentar a descrición na páxina do curso

Paquete

Ficheiro de paquete

- ▶ Aparencia
- ▶ Disponibilidade
- ▶ Cualificación
- ▶ Xestión de intentos
- ▶ De estar activada, os obxectos de aprendizaxe inicianse automaticamente, en caso contrario, debe usarse o botón Continuar.
- ▶ Configuración común do módulo
- ▶ Restrict access

Neste formulario hai campos obrigatorios marcados con *

Navegación

- Inicio
- ▶ A miña área persoal
- ▶ Páxinas do sitio
- ▶ O meu perfil
- ▶ Os meus cursos

Administración

- ▶ Configuración da páxina de portada
 - ▶ Desactivar a edición
 - ▶ Editar a configuración
 - ▶ Usuarios
 - ▶ Filtros
 - ▶ Informes
 - ▶ Copia de seguranza
 - ▶ Restaurar
 - ▶ Banco de pregunta

▶ Configuración do meu perfil

▶ Administración do sitio

Engadir un bloque

[Necesito Docs para esta páxina](#)

Vostede accedeu como [Tegon Ato](#) (Salir)

Finalmente premeremos na opción de gardado que nos interese e xa teremos subido o noso contido SCORM á plataforma Moodle.